



ENFOCANDO A ROSALÍA CONCURSO DE VIDEOPOEMAS



O EQUIPO DE DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA ORGANIZA UN CONCURSO DE VIDEOPOEMAS QUE TEN POR FINALIDADE A POTENCIACIÓN DA CREATIVIDADE ARTÍSTICA A TRAVÉS DA CONXUNCIÓN DA PALABRA, O SON E A IMAXE, E O COÑECEMENTO E DIFUSIÓN DA OBRA DE ROSALÍA DE CASTRO.

1.- PERSOAS DESTINATARIAS :

O CONCURSO VAI DESTINADO A TODO O ALUMNADO, PODE FACERSE DE XEITO INDIVIDUAL OU EN PARELLAS. ESTABLÉCENSE DÚAS CATEGORÍAS:

1º CATEGORÍA: ALUMNADO DE 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO E 1º FPB.

2º CATEGORÍA: ALUMNADO DE 4º ESO, 1º BACH, 2º BACH, 2º FPB, C. MEDIO E C. SUPERIOR.

2.- TEMÁTICA:

ELABORAR UN VÍDEO BASEADO NUNHA COMPOSICIÓN POÉTICA (EN GALEGO) DE ROSALÍA DE CASTRO. ESTE DEBE APARECER NALGÚN MOMENTO DO VIDEOPOEMA, BEN SEXA IMPRESO, RECITADO OU OUTRA OPCIÓN.

3.-FORMATO:

O VIDEOPOEMA ESTARÁ EN **FORMATO MP4** E NON PODERÁ SUPERAR OS **3 MINUTOS**, INCLUÍDOS CRÉDITOS SE OS HOUBESE. **AS OBRAS DEBEN SER ORIXINAIS E INÉDITAS**. EN CASO DE USAR MÚSICA OU IMAXES ALLEAS, DEBERÁN SER MATERIAIS LIBRES DE DEREITOS DE AUTORÍA.

4.-PRAZO:

NOS ORDENADORES DAS AULAS HABERÁ UNHA CARPETA NO ESCRITORIO DENOMINADA CONCURSO DE VIDEOPOEMAS, E ALÍ DEIXARÁS O TEU TRABALLO CO NOME DE QUEN O FIXO.

O PRAZO REMATA O **MARTES 20 DE FEBREIRO**.

5.-O XURADO:

A) O XURADO ESTARÁ COMPOSTO POLOS PROFESORES E PROFESORAS QUE CONSTITÜEN O EDLG (ABEL, ISOLINA, FRAN, LUCÍA, MARUXA E ANA C).

B) O XURADO FARÁ A ESCOLLA DOS VIDEOPOEMAS GAÑADORES, **QUE SE ANUNCIARÁN O VENRES 23 DE FEBREIRO, O DÍA DE ROSALÍA**, XORNADA NA CAL SERÁN VISIONADOS.

6.-PREMIOS:

O XURADO ESTABLECERÁ OS QUE, AO SEU XUÍZO, SON OS DOUS MELLORES TRABALLOS PRESENTADOS, UN EN CADA CATEGORÍA. O PREMIO SERÁ UNHA MERENDA NA CAFETERÍA E UN LOTE CON AGASALLOS ROSALIANOS.

PARTICIPA E PONLLE FOCO A ROSALÍA!!!

